



Autorización de saída do instituto en horario lectivo para Bacharelato e FP.

O artigo 107 da Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento (DOG 02-09-97) di textualmente

“Tamén será función dos profesores de garda a tutela dos alumnos de educación secundaria obrigatoria durante os períodos de lecer.”

Polo tanto, o alumnado da ESO non pode saír do centro. A situación do alumnado das restantes ensinanzas compete ao Consello Escolar do centro (artigo 106 a) da dita orde).

Como o alumnado de Bacharelato e FP pode non estar matriculado dun curso completo e ser menor de idade parece lóxico regular a súa situación dun modo diferente. Ao mesmo tempo, como a idade obrigatoria de escolarización é ata os 16 anos, tamén parece lóxico que o dito alumnado non poida saír do centro.

Xa que logo, o Consello Escolar do IES María Sarmiento aprobou que o alumnado de FP e Bacharelato poida saír do centro durante os períodos de lecer e cando falte un profesor co que teñen clase sempre e cando se cumpran as dúas seguintes condicións:

- O/A pai/nai/titor/a legal asina a presente autorización
- O/A alumno/a ten os 16 anos cumpridos se está matriculado na FP Básica.

Autorización de saída do centro

Eu Don/a

pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a

do curso (se é de FP Básica debe ter os 16 anos cumpridos)

AUTORIZO baixo a miña responsabilidade a saída do/a meu/miña fillo/filla/titorando/a legal durante e os períodos de lecer e durante as horas nas que tivera clase cun profesor que falta.

E para que así conste, asino a presente

Sinatura do pai/nai/titor/a legal

En, a de de 20